



OVICA

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 28 - XUÑO - 07

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

FORMACIÓN

Curso de Aptitude Empresarial Agraria en Allariz.

Comenzou na escola Silvo-Pastoril de Allariz un curso para obtención do título de aptitude empresarial agraria.

Este curso de 250 horas, homologado pola Consellería do Medio Rural, ten como obxectivo formar a 17 gandeiros/as no manexo do gando ovino e cabrún. OVICA colaborará na impartición de diversos módulos.

COVIGA
caprino e ovino galego

CABRAS NO MUNDO:



CABRAS COMO ANIMAL DE CARGA

FEIRAS

FISV de Silleda.

Ademais do stand e da mostra/exposición de animais de diferentes razas no Pavillón IV, realizáronse outras actividades, entre as que cabe destacar:

- Xornada Técnica de Ovino e Caprino
- Demostración de tosquiado
- Degustación de produtos de ovino e caprino



A Cooperativa COVIGA tamén estivo presente, xunto con AGACA, cun stand no Pavillón I (Agroalimentario) no que se promocionaron e degustaron os produtos da cooperativa



Feira de Zamora 2007.

OVICA estará presente na "XV Exposición de Ganado Autóctono de Castilla y León", do 28 ó 30 de xuño en Zamora. OVICA acudirá con animais das razas *latxa* (O Rexo - Allariz) e *ovella galega* (Luís Fdez. - Riotorto).

RAZAS: Cabra Alpina



Orixe: Alpes franco - suízos

Características: A cabra Alpina é unha gran leiteira de tamaño medio. Capa castaña variable ata o negro. Cabra rústica, adaptase moi ben tanto en estabulación como en pastoreo ou á vida en montaña.

Pesos: 80/100 kg (machos)

50/70 kg (femias)

Prolificidade: 150 %

Producción media por lactación:

756 kg en 273 días; 3,5 % MG



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Véndense años de raza ovella galega inscritos no libro xenealóxico -676 437 614
- Véndense cabritas de recría ¾ meses, de raza murciano-granadina - 659 083 339.
- Véndese explotación ovino/caprino 500 cabezas + dereitos, tractor 85 cv, grada discos, segadora, nave 1200 m², etc. 988 335701.
- Véndense cachorros de mastín (Maceda - Ourense) – 659 325 161
- Mércanse rebaño de 70/80 ovellas (Maceda - Ourense) – 659 325 161

MANEXO.

Partos para a primaveira 2008

Para poder concentrar os partos na primaveira do ano próximo temos que **separar os machos do rebaño** a finais de xuño e introduci-los de novo en decembro. Así teremos partos en maio (Xestación: 150 días).

Ó començar a descender as horas de luz os animais irán saíndo en celo paulatinamente. Este é o momento de apartar os machos para evitar que as nais queden preñadas a destempo.

Se desexamos que as ovellas comencen a parir na primaveira do 2.008 debemos de introducir os machos no rebaño na primeira quincena de decembro. En caso de retrasar a momento da cubrición corremos o risco de que as femias non saian en celo.

Ter os partos na primaveira permítenos:

- Reducir os custos en alimentación.
- Mellorar os prezos recibidos á hora de vender os años e cabritos.
- Reducir os tempos de espera de recollida dos años e cabritos por parte dos compradores debido á maior demanda do mercado no verán.

COVIGA

Nova campaña de venta directa.

A cooperativa COVIGA puxo en marcha unha campaña de venta directa dos seus produtos a través de internet.

COVIGA comercializará todo un abano de produtos despezados e envasados de xeito que se garante unha boa conservación dos mesmos. Os encargos recibiranse os martes e mércores e os produtos serán entregados no domicilio os xoves ou venres.

Os interesados poderán encargar os produtos ofertados contactando co 988 44 24 28 / 610 693 917 ou en coviga@allariz.com



PREMIOS

XXVIII Concurso Internacional do Día do Agricultor – Silleda 2007



OVICA recibiu o 2º Premio no XXVIII Concurso Internacional do Día do Agricultor, celebrado o día 13 de xuño de 2007 en Silleda. Este galardón, que recolleu a presidenta de OVICA no acto inaugural da feira internacional semana verde, foi concedido dentro do apartado de iniciativas de desenvolvemento local.

NORMATIVA

Reparto de dereitos de ovino-caprino procedentes da reserva nacional.

Segundo un **borrador** do proxecto de lei que determinará o reparto de dereitos procedentes da reserva nacional os produtores de ovino-caprino poderán solicitar da reserva nacional dereitos para ser utilizados na campaña 2008. Se este borrador non é modificado as solicitudes poderán facerse entre o 1 e o 30 de setembro de 2007.

PREZOS DE MERCADO.

Reclamación de axudas para paliar os baixos prezos do año en diversas.

Organizacións agrarias de Andalucía e Extremadura están a reclamar ao goberno central e dos respectivos gobernos autonómicos a implantación de mediadas para paliar a crise do sector ovino de carne nestas comunidades.

A causa desta reclamación son os baixos prezos recibidos na venta dos años. Os sistemas de produción baseados en no cebo dos años e o incremento dos custos de produción fan pouco atractivo o futuro do sector.